



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ENTIDADE  
CONCELLO DE LUGO PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DO  
PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2020**

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020

Dunha banda, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), con CIF Q6550009B no exercicio das facultades e demais funcións que lle foran conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, e en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic (DOG N° 164 de 29 de agosto de 2012).

Doutra, Tareixa A. Ferreiro Tallón, representante de Concello de Lugo, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E dando fe por parte do concello o secretario, en virtude do R.D. 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Ambas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade legal para convir no nome das entidades que representan e teñen conferidas e a tal fin formalizan este convenio que se enmarcará dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

**EXPOÑEN**

1. A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo en que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio ao sector cultural dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo.
2. O artigo 3.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) define o seu obxecto establecendo: "A Agadic ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables".
3. O artigo 5.1 Lei 4/2008, do 23 de maio, determina que unha das funcións da Agadic é: "Promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados", e o artigo 5.2 establece que: "A Agadic poderá, para o logro dos seus obxectivos, celebrar convenios con institucións públicas e privadas".
4. O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculado ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común".
5. A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, de 22 de xuño da Administración Local de Galicia, atribúe competencias tanto aos concellos como ás deputacións de fomento e organización de actividades nos seus respectivos ámbitos territoriais.
6. A Resolución de 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios establece na súa parte expositiva que a dita Rede creouse "para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, actuando como mercado preferente para o teatro, a danza e a música e dotándoo dunha estabilidade na súa programación habitual". Esta está constituída pola Agadic e polas entidades titulares de teatros e





auditorios que voluntariamente se adhiren para a difusión das artes escénicas e musicais a través dunha programación estable e coordinada mediante a colaboración dos axentes implicados.

7. A Resolución do 28 de febreiro de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios, establece no artigo 2: "As programacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios estruturaránse en dous períodos de programación, que comprenderán os meses de xaneiro a xuño, o primeiro, e de xullo a decembro, o segundo".

8. O Concello de Lugo e a Agadic acordan colaborar con este convenio ao considerar necesaria a difusión das artes escénicas e musicais a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, ofertando unha programación estable e coordinada na que non é posible promover a concorrencia pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio, nas que a Agadic e a entidade local participan en calidade de coorganizadores.

Este convenio atópase incluído na proposta de actuacións da Axencia Galega de Industrias Culturais para o ano 2020.

Por este motivo, ambas as dúas entidades asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## ESTIPULACIÓNS

### Primeira.-Obxecto

O obxecto do presente convenio é o desenvolvemento conxunto da programación do primeiro semestre do ano 2020 no Auditorio Municipal Gustavo Freire integrado na Rede Galega de Teatros e Auditorios de conformidade co disposto na Resolución do 21 de novembro de 2006, pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, principal instrumento da Agadic para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, así como na Resolución do 28 de febreiro de 2011 pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na citada Rede.

As intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no plan estratéxico semestral dos convenios de colaboración a subscribir pola Axencia Galega das Industrias Culturais e as entidades asociadas á Rede Galega de Teatros e Auditorios.

### Segunda.-Obrigas do Concello/Deputación

Mediante a sinatura deste convenio, Concello de Lugo comprométese a levar a cabo as actuacións especificadas no cadro na cláusula cuarta e debendo asumir as seguintes obrigas:

- a) Levará a cabo a contratación das actividades programadas de conformidade coa lexislación contractual aplicable e vixente.
- b) Aboaralles ás compañías ou grupos participantes na programación o estipulado no contrato.
- c) Asumirá os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de actuacións, así como dos gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos.
- d) Remitirá a información sobre públicos e recadación da billeteira en formato electrónico a través da páxina de Agadic [www.galescena.gal](http://www.galescena.gal) nun prazo non superior aos cinco días hábiles seguintes á celebración de cada actuación.
- e) Comunicaralle, con antelación suficiente, á dirección da Agadic calquera modificación da programación en particular, ao referente ás alteracións unilaterais do calendario de actuacións, dos horarios de celebración ou dos espazos nos que se desenvolve a programación.
- f) Utilizará en todo o material de difusión, así como nos actos de comunicación pública, que se realice ao abeiro das actuacións contidas neste convenio a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios, facendo mención expresa







**XUNTA  
DE GALICIA**

Cidade da Cultura de Galicia  
Monte Gaiás, s/n  
15707 Santiago de Compostela  
tel. 881 99 60 77 / 78  
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

**AGADIC**

Axencia Galega das  
Industrias Culturais

galicia

da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas. A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa do Xacobeo 2021 e Xunta de Galicia, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.

- g) Porá á venda as entradas para cada actuación cos prezos mínimos recollidos na normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios e aplicará os descontos previstos nela. A recadación xerada pola venda de entradas da programación aquí recollida non suporá ánimo de lucro para ningunha das entidades.
- h) Facilitaralle á Agadic, sempre previa solicitude, as invitacións para cada actividade dentro dos límites establecidos no artigo 5.3da Resolución de 28 de febreiro de 2011.

O incumprimento total ou parcial de calquera das devanditas obrigas conlevará a perda total ou parcial da achega de Agadic percibida pola entidade pública.

### **Terceira.-Obrigas de Agadic**

A Agadic, dentro das súas competencias, comprométese a coordinar e asesorar tecnicamente, todas as actuacións para o correcto desenvolvemento do convenio asinado así como das programacións aprobadas e, en concreto:

- a) Realizará dúas convocatorias anuais para a realización da programación, que será de xeito semestral.
- b) Xestionará e manterá actualizada a páxina de xestión: [www.galescena.gal](http://www.galescena.gal), a través da que os grupos e compañías profesionais realizarán as súas propostas e as entidades programadoras realizarán a programación semestral.
- c) Revisará, comprobará e aprobará as programacións realizadas, a través do departamento competente en materia de programación, segundo a normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios.
- d) Colaborará e apoiará o labor de promoción e difusión das programacións previstas nos medios de comunicación tanto impresos como dixitais.
- e) Elaborará informes de público anualmente, así como calquera outro tipo de informes, avaliacións e estatísticas que estime oportunos para acadar unha maior eficiencia na xestión das programacións.
- f) Fará fronte ao pagamento das cantidades estipuladas neste convenio sempre que a xustificación achegada sexa correcta.

### **Cuarta.-Financiamento**

O custe total das actividades previstas no convenio ascende a un total de 47,499.00 euros, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

A Agadic colaborará cunha achega de 12,000.00 euros, impostos incluídos, cantidade que irá con cargo á aplicación orzamentaria 11A1 432B 640 1 correspondente aos orzamentos da Axencia Galega das Industrias Culturais para o ano 2020. Este convenio tramitarase como anticipado de gasto e quedará condicionado á aprobación da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma, e sempre que exista crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas derivadas do convenio.

O Concello de Lugo colaborará coa cantidade restante de 35,499.00 euros.

Estas achegas financiarán exclusivamente o custe de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes obteñan lucro ningún.

A porcentaxe de cada aportación así como a súa programación será a que segue:



**Xacobeo 2021**



| Programación | Compañía                            | Espectáculo                             | Data       | Lugar                              | Achegas AGADIC | Achegas ESPAZO |
|--------------|-------------------------------------|-----------------------------------------|------------|------------------------------------|----------------|----------------|
| PA           | Janet Novas                         | Mercedes máis eu                        | 10-01-2020 | Auditorio Municipal Gustavo Freire | 0.00 €         | 5,280.00 €     |
| PI           | Elefante Elegante                   | PATAPATÚM                               | 12-01-2020 | Auditorio Municipal Gustavo Freire | 847.20 €       | 1,270.80 €     |
| PA           | Chévere                             | Curva España                            | 19-01-2020 | Auditorio Municipal Gustavo Freire | 1,742.40 €     | 2,613.60 €     |
| PI           | Tanxarina                           | TROGLODITAS                             | 26-01-2020 | Auditorio Municipal Gustavo Freire | 726.00 €       | 1,089.00 €     |
| PA           | Producciones Paloma Lugiide         | Poeta en Nova York                      | 29-01-2020 | Auditorio Municipal Gustavo Freire | 0.00 €         | 3,500.00 €     |
| PI           | CARAMUXO TEATRO                     | FEO!                                    | 02-02-2020 | Auditorio Municipal Gustavo Freire | 520.00 €       | 780.00 €       |
| PI           | Pistacatro Productora de Soños S.L. | Up2Down                                 | 07-02-2020 | Auditorio Municipal Gustavo Freire | 0.00 €         | 1,500.00 €     |
| PA           | ArtesaCía                           | Chola a it Girl                         | 16-02-2020 | Auditorio Municipal Gustavo Freire | 800.00 €       | 1,200.00 €     |
| PA           | Diego M. Buceta                     | As vacacións máis longas                | 03-04-2020 | Auditorio Municipal Gustavo Freire | 0.00 €         | 1,050.00 €     |
| PI           | Pinconús teatro                     | Pinconús                                | 05-04-2020 | Auditorio Municipal Gustavo Freire | 720.00 €       | 1,080.00 €     |
| PA           | Aldalado                            | Furia Necesaria                         | 12-04-2020 | Auditorio Municipal Gustavo Freire | 484.00 €       | 726.00 €       |
| PA           | Joan Fernández                      | CELEBRARÉ MI MUERTE                     | 19-04-2020 | Auditorio Municipal Gustavo Freire | 1,210.00 €     | 1,815.00 €     |
| PA           | NOVA GALEGA DE DANZA                | LEIRA Nova Producción                   | 24-04-2020 | Auditorio Municipal Gustavo Freire | 4,573.80 €     | 1,960.20 €     |
| PA           | Volta e Dálle teatro                | FALAR POR FALAR                         | 10-05-2020 | Auditorio Municipal Gustavo Freire | 376.60 €       | 1,473.40 €     |
| PI           | Baobab Teatro S.L                   | MAI MAI                                 | 17-05-2020 | Auditorio Municipal Gustavo Freire | -0.00 €        | 2,290.00 €     |
| PA           | Sarabela Teatro                     | Crónicas do Paraíso                     | 24-05-2020 | Auditorio Municipal Gustavo Freire | 0.00 €         | 3,950.00 €     |
| PI           | Muu                                 | Crunch!                                 | 31-05-2020 | Rúa                                | 0.00 €         | 1,331.00 €     |
| PA           | Pepe Vaamonde Grupo                 | O Mellor dos Catro Elementos (interior) | 07-06-2020 | Auditorio Municipal Gustavo Freire | 0.00 €         | 2,590.00 €     |
| Total:       |                                     |                                         |            |                                    | 12,000.00 €    | 35,499.00 €    |

#### Quinta.-Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase con data límite do 31 de agosto de 2020 electronicamente, accedendo ao expediente na carpeta do cidadán da persoa representante da entidade pública no web:

<https://sede.xunta.gal/> A xustificación deberá conter a seguinte documentación:

-Conta xustificativa dos gastos realizados conforme ao establecido no convenio que deberá conter con carácter xeral: identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe. Os documentos de gasto das actividades levadas a cabo deberán ter como data límite o 31 de agosto de 2020.

-Informe do responsable da programación de que a realización da actividade se desenvolveu de acordo co establecido no convenio.

-Copia do material de difusión e promoción das actividades recollidas neste convenio onde apareza reflectida a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatro e Auditorios, Xacobeo 2021 e Xunta de Galicia, así como aqueles logotipos que estivesen en vigor no momento da sinatura do convenio.







En calquera momento, a Agadic poderá solicitar, unha vez finalizado o período de programación correspondente, orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

-Facturas oficiais, con especificación do IVE e demais impostos que se inclúen, emitidas en forma legal e debidamente conformadas consonte co R.D. 1496/2003, do 28 de novembro na súa última redacción..

-Xustificación bancaria dos pagamentos, onde conste o número da factura obxecto do pagamento, a identificación do pagador e o destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Agadic minorarase proporcionalmente.

O pagamento das cantidades estipuladas no presente convenio por parte da Agadic realizarase previa solicitude da entidade e realizarase do seguinte xeito:

- 50% tras a sinatura do convenio.

- 50% ao remate da programación e unha vez xustificada correctamente a totalidade da programación indicada na cláusula cuarta.

#### **Sexta.-Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

#### **Sétima.-Dereitos sobre a información e difusión da colaboración das partes**

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométese a facer mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas.

A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa do Xacobeo 2021 e a da Xunta de Galicia, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, marcas que deben ser descargadas da web da Xunta de Galicia: <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/marca-principal> (para Xunta de Galicia) e <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/xacobeo-2021> (para Xacobeo 2021).

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométese a facer mención expresa deste convenio.

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura e Turismo e da entidade asinante. Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **Oitava.-Vixencia**

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 31 de agosto de 2020.

Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestímulo con aviso previo de dous meses ou por incumprimento dos compromisos adquiridos.





#### **Novena.-Comisión de seguimento**

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio. Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte da entidade asinante actuará como responsable desta comisión o seu alcalde/presidente, ou persoa que designe en substitución. **Décima.-Causas de resolución** Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

#### **Décimo primeira.-Responsabilidade das actuacións**

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **Décimo segunda.-Notificación electrónica**

O artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

#### **Décimo terceira.-Protección de datos de carácter persoal**

As partes manifestan que coñecen e comprenden a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

Así mesmo, as partes responsabilízanse de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco deste convenio se faga con absoluto respecto ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e na súa normativa de desenvolvemento.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de executar o convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.







**XUNTA  
DE GALICIA**

Cidade da Cultura de Galicia  
Monte Gaias, s/n  
15707 Santiago de Compostela  
tel : 881 99 60 77 / 78  
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

**AGADIC**



Axencia Galega das  
Industrias Culturais

galicia

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

As partes adoptarán as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

#### **Décimo cuarta.- Normativa aplicable e xurisdición**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e así mesmo ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público aínda que o convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaránselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa aplicable e vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan o presente convenio

|                                        |  |                             |
|----------------------------------------|--|-----------------------------|
| O presidente do Consello Reitor        |  | O Representante da entidade |
| (P.D. Resolución 24 de xullo de 2012), |  |                             |
| O director de Agadic                   |  |                             |
| Jacobo Sutil Nesta                     |  | Tareixa A. Ferreiro Tallón  |



**Xacobeo 2021**